


TEMA 6. A TERRA E O SEU PASADO. Actividade 1

1. En xeoloxía, aqueles lugares onde se poden observar e tocar as rochas son denominados “**afloramentos**”, porque é onde as rochas asoman á superficie. Ademais, en xeoloxía un **estrato** é unha capa de rochas, normalmente sedimentarias. No seguinte debuxo un alumno ou alumna de 4º ESO do IES de Salvaterra de Miño está no campo. Ten á súa disposición tres afloramentos diferentes; en cada un deles pódense apreciar diferentes estratos. Este/a alumno/a atendeu moito na clase e por tanto lembra de sobra cales son os principios fundamentais da xeoloxía, que son os que lle van axudar a responder estas preguntas:



- a) Numera os estratos, asignando o número 1 ó máis vello. Considera para elo que os estratos que teñen a mesma trama forman parte do mesmo nivel e por tanto lles corresponde un único número. Que principio ou principios fundamentais usaches para ordenar os estratos? Explica que di ese/s principio/s.
- b) Nun dos estratos hai debuxado un óso. Ese óso pertence a un dinosourio de nome *Minhotosaurus salvaterrensis*. Viviu hai 85 millóns de anos, comía árbores e lle gustaba vivir na beira dos ríos. En que medio se formou a rocha que contén ese fósil?
- c) Algo similar sucede co estrato que ten debuxada unha caracola. Trátase doutro fósil, concretamente dun amonite. Na actualidade existen uns animais bastante similares que viven no mar, os nautilus. Podemos sacar algo en claro sobre os amonites a partir do estudo dos nautilus? Que principio da xeoloxía estaríamos a usar? Que di ese principio?
- d) Que estrato é máis antigo, o que ten o amonites ou o que ten o óso de dinosourio? Que principio estás a usar para facer esa afirmación?
- e) É normal a posición de tódolos estratos? Que puido suceder para que estean así? Cal é o principio que estás a empregar para facer esa afirmación?
- f) Se nun dos afloramentos o óso de dinosourio permite datar o estrato en 85 millóns de anos, cal será a datación do mesmo nivel no seguinte afloramento? Que principio estás a empregar para facer esa afirmación? Que di ese principio?